LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1º PARTE

1.- Describe as características principais da literatura grega e sinala en que medida esta influíu posteriormente no conxunto da produción literaria universal (2 puntos)

2.- Describe as características principais da literatura na Ilustración (2 puntos)

3.- Relaciona os seguintes autores coas súas obras (1 punto):

Friedrich Hölderlin	Hiperión ou o eremita en Grecia
Bram Stoker	Drácula
Virxilio	A Eneida
Xulio Verne	Viaxe ao centro da terra
Jane Austen	Sentido e sensibilidade

2ª PARTE

4.- Repara na personalidade e nas actitudes de Hamlet nos momentos clave de toda a obra e no final, no que el morre: ¿Que levou a Hamlet á traxedia? (2,5 puntos)

5.- Fala da caracterización das figuras masculinas na novela *Madame Bovary* (2,5 puntos)

OPCIÓN B

1ª PARTE

1.- Describe os aspectos máis salientables da literatura do século XVII (Barroco) (2 puntos)

2.- A literatura escrita por mulleres. Fala das escritoras e das obras escritas por mulleres que coñezas ao longo da historia da literatura universal (2 puntos)

3.- Relaciona os seguintes autores coas súas obras (1 punto):

Ovidio	Así falou Zaratustra
Daniel Defoe	Lolita
Vladimir Nabokov	O estranxeiro
Friedrich Nietzsche	As metamorfoses
Albert Camus	Robinson Crusoe

2ª PARTE

4.- Analiza a relación entre Hamlet e Ofelia dende o comezo ata o suicidio de Ofelia e a intervención de Hamlet no momento do enterro (2,5 puntos)

5.- ¿Cales son os temas principais que se abordan en *Madame Bovary*? (2,5 puntos)

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1ª PARTE

1. Describe as características principais da literatura romántica (2 puntos)
2. Describe as características principais do Modernismo (2 puntos)
3. Relaciona os seguintes autores coas súas obras (1 punto):

Henrik Ibsen	Drácula
Bram Stoker	Casa de monecas
Marcel Proust	Memorias de Adriano
Sigmund Freud	A interpretación dos soños
Marguerite Yourcenar	En busca do tempo perdido

2ª PARTE

4. Comenta as motivacións e distintas accións das personaxes en *Hamlet* (2,5 puntos)
5. Cales son os temas principais que se desenvolven na obra *Madame Bovary*? (2,5 puntos)

OPCIÓN B

1ª PARTE

1. Describe as características principais da literatura renacentista (2 puntos)
2. Fala da renovación que se produce no teatro no século XX (2 puntos)
3. Relaciona os seguintes autores coas súas obras (1 punto):

Bertolt Brecht	A Eneida
James Joyce	Sherlock Holmes
Mark Twain	A vida de Galileo
Virxilio	As aventuras de Tom Sawyer
Arthur Conan Doyle	Ulises

2ª PARTE

4. Que importancia teñen o código de honra e a traizón en Hamlet? (2,5 puntos)
5. De que maneira ou a través de que personaxes retrata o autor a sociedade burguesa do século XIX en *Madame Bovary*? (2,5 puntos)

CONVOCATORIA DE XUÑO

1ª PARTE

PREGUNTA 1 e 2 (2 puntos cada unha)
OPCIÓN A e B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas…
b) Información acerca das principais tendencias literarias
c) Introdución dalgúns exemplos de obras e autores representativos. Aquí pódese facer referencia a algún dos trazos que caracterizan estas obras e/ou autores
d) Información acerca do que un grupo ou un autor/a supuxo na historia desa literatura ou doutras literaturas
e) Referencias a personaxes, motivos ou temas que se recollen e reelaboran máis tarde noutras obras da literatura universal

-Na pregunta 1 da opción A sobre a literatura grega e o seu influxo posterior na literatura universal valórase ademais positivamente a referencia aos temas e tópicos literarios a que recorren os escritores de tempos posteriores, á asimilación por parte de Roma desta literatura e a súa posterior evolución etc.
-Na pregunta 2 da opción B sobre a literatura escrita por mulleres valórase tamén de maneira positiva a referencia ás dificultades da participación das mulleres escritoras no mundo literario, á escaseza de modelos para as primeiras escritoras, á rara presenza das súas obras no canon literario etc. O alumnado poderá comentar as obras das escritoras máis sobresaíntes da literatura universal que coñeza, representativas de distintos movementos ou épocas e/ou ben centrarse con maior detalle nalgunha obra e escritora estudada no programa.

-Valorarase positivamente se o alumno/a relaciona esa época literaria con outras manifestacións artísticas do período (artes plásticas, cine, arquitectura etc.) e apunta algunhas posibles coincidencias ou disonancias con outras literaturas europeas do momento.
-Non se consideran correctas as respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

PREGUNTA 3 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)
OPCIÓN A
Friedrich Hölderlin: *Hiperión ou o eremita en Grecia*
Bram Stoker: *Drácula*
Virxilio: *A Eneida*
Jules Verne: *Viaxe ao centro da terra*
Jane Austen: *Sentido e sensibilidade*

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN B
Ovidio: *As metamorfoses*
Daniel Defoe: *Robinson Crusoe*
Vladimir Nabokov: *Lolita*
Friedrich Nietzsche: *Así falou Zaratustra*
Albert Camus: *O estranxeiro*

Non penalizan as respostas incorrectas.

2ª PARTE
PREGUNTAS 4 e 5 (2,5 puntos cada unha)
OPCIÓN A e B

O alumno/a deberá responder axeitadamente ao aspecto ou tema en concreto que se pregunta sobre a obra e a través da súa resposta, demostrar que leu e comprendeu a obra.

Valórase positivamente se ademais o alumno/a:
-Fai unha contextualización acertada da obra e autor na época literaria correspondente
-Amosa que comprendeu o sentido da obra e a mensaxe do autor
-Relaciona a obra con outros textos, literaturas, manifestacións artísticas ou autores

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

1ª PARTE

PREGUNTA 1 e 2 (2 puntos cada unha)
OPCIÓN A e B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas…
b) Información acerca das principais tendencias literarias
c) Introdución dalgúns exemplos de obras e autores representativos. Aquí pódese facer referencia a algún dos trazos que caracterizan estas obras e/ou autores
d) Información acerca do que un grupo ou un autor/a supuxo na historia desa literatura ou doutras literaturas
e) Referencias a personaxes, motivos ou temas que se recollen e reelaboran máis tarde noutras obras da literatura universal

Valorarase positivamente se o alumno/a relaciona esa época literaria con outras manifestacións artísticas do período (artes plásticas, cine, arquitectura etc.) e apunta algunhas posibles coincidencias ou disonancias con outras literaturas europeas do momento. Non se consideran correctas as respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

PREGUNTA 3 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

OPCIÓN A

Henrik Ibsen: *Casa de monecas*
Bram Stoker: *Drácula*
Marcel Proust: *En busca do tempo perdido*
Sigmund Freud: *A interpretación dos soños*
Marguerite Yourcenar: *Memorias de Adriano*

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN B

Bertolt Brecht: *A vida de Galileo*
James Joyce: *Ulises*
Mark Twain: *As aventuras de Tom Sawyer*
Virxilio: *A Eneida*
Arthur Conan Doyle: *Sherlock Holmes*

Non penalizan as respostas incorrectas.

2ª PARTE PREGUNTAS 4 e 5 (2,5 puntos cada unha)

OPCIÓN A e B

O alumno/a deberá responder axeitadamente ao aspecto ou tema en concreto que se pregunta sobre a obra e, a través da súa resposta, demostrar que leu e comprendeu a obra.

Valórase positivamente se ademais o alumno/a:
Fai unha contextualización acertada da obra e autor na época literaria correspondente Amosa que comprendeu o sentido da obra e a mensaxe do autor Relaciona a obra con outros textos, literaturas, manifestacións artísticas ou autores

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.